



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de novembro do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes:

“No punto 3º de solicitude de subvencións á Deputación Provincial no programa de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra da violencia de xénero participábase só co conxuga (CI-5)”

2º.- Acordo, se procede, sobre participación no Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

Á vista da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 20 de novembro de 2014, pola que se aproba o Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar as condicións do financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución do 20 de novembro de 2014 e acordar a participación do Concello de Vedra no Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 co proxecto *Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros*, cuxo



orçamento de execución por contrata ascende á cantidade de 88.086,26 euros máis IVE, resultando un total 106.584,37 euros.

SEGUNDO.- Comprometerse a dispoñer dos camiños públicos incluídos no proxecto presentado para participar no Plan Marco, de titularidade municipal, durante un período mínimo de cinco anos para a normal execución das obras.

TERCEIRO.- Asumir, unha vez entregadas as obras, a súa explotación, mantemento e conservación, cando menos, por un prazo de cinco anos.

CUARTO.- Comprometerse a que as obras incluídas neste plan marco non se someterán a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que cumpra o prazo establecido no artigo 72.1 do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.

QUINTO.- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento adquirido.

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.

3.1.- Escrito núm. 1530/14 de don José Abelardo López Sousa.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda económica para a adquisición de material buco-dental.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (#399,38#) , de acordo co establecido na ordenanza fiscal reguladora destas axudas.

3.2.- Escrito núm. 1531/14 de dona M^a. Jesús Pereira Munín.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita unha axuda económica para a cobertura de necesidades básicas e adquisición de electrodomésticos de primeira necesidade (neveira).

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de trescentos noventa e nove euros (#399,00#) para a adquisición dunha neveira e cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas, de acordo co establecido na ordenanza fiscal reguladora destas axudas.

3.3.-Escrito núm. 1532/14 de dona Eugenia Álvarez Santos.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda económica para a compra de alimentos e pago de alugamento de vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de cincocentos trinta e dous euros con cincuenta e un céntimos (#532,51#) para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e vestimenta), e trescentos trinta e nove euros con trinta e oito céntimos (#339,38#) para gastos de alugamento de vivenda, de acordo co establecido na ordenanza fiscal reguladora destas axudas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
1401061068	03/11/2014	223,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes novembro
34 8798	17/11/2014	1.233,12	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe en novembro
A 23	16/11/2014	715,15	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Materiais e produtos para protección civil, brigada verde, servizo limpeza, cultura, turismo e outros subministrados no 3T/2014
596	31/10/2014	134,20	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autobús (importe da achega municipal) para unha comida campestre da Terceira Idade na praia o 18/07/2014
57	02/11/2014	91,84	Grupo Acofide, S.C.	Rede para o campo de fútbol de San Pedro de Vilanova subministrada en xullo
TA4S90025144	19/11/2014	23,10	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de Fax no departamento de servizos sociais mes novembro e consumo de outubro
22	05/11/2014	713,90	Rey Canicoba Juan M.	Traballos de pintado de tres locais da casa de cultura de Santa Cruz destinados á escola de música e á coral
19-14	31/10/2014	675,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de outubro e acollida de dous animais neste período
2014/3006	31/10/2014	9.335,23	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes outubro
CI0747305994	15/11/2014	1.461,89	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía móbil e fixa período do 15/10/2014 ao 14/11/2014
14/000181	31/10/2014	58,99	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras no local social de San Pedro e na igrexa de Trobe subministrados en outubro
14/000180	31/10/2014	40,90	M.C. Mapoca, S.L.	Vestuario para o persoal da brigada verde e outros materiais para a casa consistorial subministrados en outubro
14/000182	31/10/2014	120,40	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para traballos na vía pública en Xián e San Miguel subministrados en outubro
14/000183	31/10/2014	979,20	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para a obra de construción de beirarrúas nas inmediacións do CPI de Vedra subministrados en outubro
324	10/11/2014	629,85	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballos de mantemento realizados no CEIP e no campo de fútbol de Santa Cruz e na escola de San Miguel en setembro, outubro e novembro
48	10/11/2014	181,50	Novoa Rey Mª Dolores	Impartir curso de trapillo no mes de outubro
4320140301341	27/10/2014	1.478,64	Espina & Delfín, SL	Subministro de auga no 3T/2014 (contador do pico Sacro)
4320140301532	27/10/2014	156,70	Espina & Delfín, SL	Subministro de auga no 3T/2014 (contador da Gándara na marxe



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				dereita da EN-525)
4320140301533	27/10/2014	32,64	Espina & Delfín, SL	Subministro de auga no 3T/2014 (contador da Gándara na marxe esquerda da EN-525)
A/353	31/10/2014	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza na casa do Concello no mes de outubro
F 5.386	20/11/2014	214,80	Plásticos Santi, S.L.	Materiais para a organización da <i>Semana da Ciencia 2014</i> adquiridos en novembro
F 5.387	20/11/2014	3,00	Plásticos Santi, S.L.	Material para a organización da <i>Semana da Ciencia 2014</i> adquirido en novembro
Recibo	20/11/2014	50,00	Sánchez Ces Paula	Indemnización por impartir charla sobre intelixencia emocional na escola de saúde da Terceira Idade 2014 en novembro
50	30/10/2014	254,10	Camino Bouzón Miguel Ángel	Reparación de avaría no pozo da auga do campo de festa de Trobe realizada en outubro
49	30/10/2014	21,78	Camino Bouzón Miguel Ángel	Programación da caldeira da calefacción do centro de saúde o 15/10/2014
414//14	31/10/2014	283,83	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repuestos e outros materiais para as rozadoiras, motoserpa e vehículo 4545BLH da brigada verde subministrados en outubro
114/974	31/10/2014	193,60	La Voz de Galicia, S.A.	Anuncios publicitarios sobre a campaña de promoción turística <i>Vedra de Tapas</i> emitidos dende o día 13 ao 19/10/2014
8333/5394/6875	18/11/2014	58,00	Mercamella, S.L.	Alimentos e outros produtos para o servizo de madrugadores adquiridos no mes de novembro
Liquidación		511,12	Membros da mesa de contratación do Concello de Vedra	Indemnizacións polas reunións mantidas os días 23/10/2014, 13/11/2014, 19/11/2014 e 26/11/2014, para a tramitación do procedemento de contratación do servizo de <i>Axuda no Fogar, na parte que non se poida cubrir co persoal municipal</i>
Liquidación		168,00	Munín Castelao José Ignacio	Quilometraxe dos meses de setembro e outubro
Liquidación		24,00	Lobato Cutrín Manuel Fernando	Quilometraxe do mes de novembro
Liquidación		79,00	Carbia Cutrín Sonia	Quilometraxe dos meses de abril, maio, xuño, agosto, setembro e outubro

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

5º.- Acordo, se procede, sobre clasificación ofertas para a adxudicación do contrato de servizos de SAF.

A Xunta de Goberno Local , en sesión ordinaria celebrada o 10 de xullo do ano que andamos, acordou aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación dos servizos de axuda no fogar na parte que non se poida cubrir co persoal municipal, mediante o acceso por libre concorrência e para persoas en situación de dependencia, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Con data 2 de outubro publicouse anuncio de licitación no BOP nº 188/14 e no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), presentándose en prazo as proposicións que constan no expediente.

Visto que se constituíu a Mesa de Contratación o día 26 de novembro, e á vista das valoracións das referencias técnicas e da proposición económica, realizou proposta de adxudicación a favor de CLECE, S.A, de acordo co establecido nos artigos 151.1 e 151.2 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores segundo a proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- 1.- CLECE, S.A: 20,546 puntos
- 2.- SERVITAL SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.: 15,746 puntos
- 3.- SOCISER GALICIA, S.L: 14,664 puntos
- 4.- IDADE DE OURO, SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.: 11,11 puntos

Segundo.- Notificar e requirir a CLECE, S.A, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez días a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento; a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do citado texto refundido, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.